



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
CIF: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

BANDO

NORMAS PARA AS LARADAS DE SAN XOÁN 2023

Mediante o presente bando pónense en coñecemento de toda a veciñanza as normas que se deberán cumprir na realización de laradas, sardiñadas e actividades similares na noite do 23 ao 24 de xuño de 2023, con motivo da festividade de San Xoán.

1. As persoas, asociacións ou comunidades que desexen realizar unha larada deberán presentar unha comunicación no Concello de Carnota, segundo o modelo establecido, antes das 14:00 horas do día 22 de xuño de 2023.
2. As laradas situaranse en lugares seguros, de modo que non exista perigo de propagación ás vivendas, instalacións ou terreos próximos. Poñerase especial coidado en non situalas debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos, así como cerca de vehículos ou locais onde se almacenen produtos inflamables. Deixarase unha franxa de polo menos 15 metros libre de calquera elemento combustible. Así mesmo, as laradas deberán estar afastadas, polo menos 50 metros, de masas arbóreas e forestais.
3. Está prohibida a utilización de líquidos inflamables e aerosois, así como a queima de residuos e materiais contaminantes (plásticos, pinturas, pneumáticos, colchóns, espumas de poliuretano, aceites...).
4. Non se poderá aproveitar a larada para queimar residuos ou restos domésticos (colchóns, mobles, táboas, roupa...), forestais ou agrícolas. Os permisos de queima están suspendidos.
5. As laradas deben estar vixiadas polas persoas responsables en todo momento e ata que o lume estea completamente apagado, o que deberá asegurarse empapando os restos con auga. Unha vez rematada, debe deixarse o lugar limpo de refugallos.
6. Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Se iniciado o lume se levantase vento, deberá extinguirse a larada.
7. As laradas poderán ser revisadas polos servizos municipais para comprobar o cumprimento da normativa.
8. Non está permitido facer laradas, sardiñadas ou outras actividades similares en espazos para os que se precisen autorizacións sectoriais doutras administracións sen contar coa pertinente autorización (zonas de dominio público, de servidume e tránsito de costas e Rede Natura).

Faise público, para o seu xeral coñecemento e o seu debido cumprimento.

O alcalde

Juan Manuel Saborido Rama
Carnota, 7 de xuño de 2023